



Liñas de acción

Curso 2025-26

Vivir na Verdade

Un novo Papa

Comezamos o novo curso 2025-2026, coa novidade da presenza do noso Papa León XIV. O falecemento do Papa Francisco e a elección do novo Sucesor de Pedro fíxonos máis atentos, especialmente naqueles días, á nosa pertenza á Igrexa como realidade non só local ou particular, senón universal.

E, ao mesmo tempo, puxo ante os nosos ollos de novo a natureza peculiar desta pertenza, non referida sinxelamente a unha asociación de tipo relixioso, froito da vontade ou a boa intención humana. O Sucesor de Pedro fálanos de Cristo e dos seus discípulos, da anterioridade da Igrexa a todos os nosos plans, da súa guía polo Espírito Santo, como unha comunión singular, cuxa natureza e forma é un don de Deus e non está á nosa disposición. Pertencemos a unha realidade nova de graza e de verdade, na que fomos enxertados polo bautismo, uníndonos así a Cristo, que se entregou por nós e deunos compartir plenamente o seu Espírito de amor, a súa vida e o seu destino.

Non se trata de afirmacións novas. Toda a nosa experiencia cristiá introduciunos nesta Igrexa de fundamento apostólico, que coñecemos nas nosas parroquias e na nosa Diocese como unha realidade xa dada, que camiña na historia desde antigo e antecede a cada un de nós. Vivimos sempre as nosas comunidades concretas, cos seus límites evidentes e a súa riqueza singular, como un lugar en que recibimos o don inmenso da unión con Deus e cos irmáns; precisamente porque non se fundaban nin estaban pechadas sobre si mesmas, senón que eran esta mesma Igrexa universal presente entre nós, da que o Papa é cabeza e principio visible de unidade.

Lembróunolo a elección do novo Sucesor de Pedro; así como tamén o Xubileu romano ordinario que estamos celebrando no 2025 aniversario do nacemento do Fillo de Deus en Belén, que deu inicio ao «ano de graza», a un tempo de reconciliación, de bendición, de redención e vida nova que os apóstolos e os seus sucesores foron enviados a anunciar ao mundo enteiro.

No primeiro trimestre do curso terminaremos a celebración deste Xubileu, que resoou na nosa Catedral e nos santuarios da nosa Diocese, lugares en que a nosa tradición cristiá lucense é particularmente elocuente; e que nos fixo mirar e mesmo a moitos ir a Roma durante este ano 2025, para celebrar con fieis cristiáns de todo o mundo, ao redor do Papa, o don de ser e pertencer á Igrexa do Señor.

Como está xa anunciado, o Xubileo clausurarase na nosa Catedral o próximo 28 de decembro, día dedicado pola liturxia á Sagrada Familia, á que celebramos como algo propio de todos nós, que fomos feitos membros desa gran familia que vive inicialmente na casa de Nazaret, cuxa cabeza é Cristo mesmo, que preside á mesa da Eucaristía, na que a Virxe María é nai, e á que serve o ministerio do Sucesor de Pedro.

2. A fe é vivir na verdade

Acoller a realidade da Igrexa, visible na celebración da Santísima Eucaristía e como unidade universal no Sucesor de Pedro, é recoñecer con fe a presenza de Cristo na historia, no noso mundo e nas nosas circunstancias.

Este recoñecemento na fe é o xesto primeiro de resposta que damos ao Señor Xesús, á súa vinda a nós, como luz que ilumina o misterio da propia vida, a verdade da propia persoa. E, por iso, conleva para todos unha prioridade, unha preferencia primeira teórica e práctica a favor desta comunión en Cristo que é a Igrexa.

Desta maneira, facemos unha opción vital primeira: o amor á verdade, que recoñece esta presenza do Señor, aínda que pida sen dúbida cambio, conversión, seguimento; que non se deixa cegar por intereses, comodidades, distraccións; e que se expresa como unha vontade consciente de ser e vivir como cristián.

O amor á verdade, o preferir a verdade no medio de tantas conveniencias, sempre foi raíz da vida moral e principio de novidade, cambiou a existencia e a sociedade. Así foi de modo profético en Sócrates e así é de modo definitivo en Xesús, o noso Señor.

Aínda que sempre é un desafío para toda persoa, para o fiel cristián preferir a verdade non aparece xa só como tarefa ardua ou mesmo arriscada, senón tamén como xesto razoable e libre, como unha «carga lixeira» (Mt 11, 30), pola graza daquel que dixo: «eu son o camiño, a verdade e a vida» (Xn 14, 6).

Resulta prioritario defender hoxe de novo esta opción primeira da persoa, sostida pola graza de Deus e apoiada na presenza da Igrexa, nun tempo que relegou a verdade ao irrelevante e que dificulta a súa procura persoal, cando non a paraliza de diferentes maneiras. Na nosa sociedade, extremadamente mediada pola tecnoloxía e o control da información –polo «relato» imperante–, a salvagarda do amor á verdade, da propia conciencia, é imprescindible para a vida e a dignidade de cada un, para a convivencia en liberdade e mesmo para a paz entre os pobos, hoxe tan gravemente ameazada.

Lembremos que, desde a súa elección, o Papa insistiu en pedirnos a todos **unha oración particular pola paz**. E que, nas actuais circunstancias, a nosa propia Conferencia episcopal convidounos a ofrecer a Eucaristía pola paz e a non esquecer nunca esta intención nas nosas preces.

No noso tempo é, sen dúbida, unha urxencia pastoral afirmar sinxela pero constantemente, con certeza, a existencia desta Comunión que nos antecede a todos —e que é a Igrexa—, como un ben inmenso, nacido dun amor pleno, divino e humano, que nos precede e ofrécesenos como un don, que podemos recoñecer libremente, se, por graza de Deus, o noso corazón quere, dando a preferencia ao amor da verdade.

Existe hoxe **unha prioridade da chamada sinxela á fe, expresada na pertenza á realidade de nosa Igrexa**, como forma concreta de preferencia da verdade, como camiño para crecer en conciencia ante si mesmo, ante as cousas e o mundo, ante Deus.

De feito, así é o anuncio do Evanxeo desde o inicio: «Se permanecedes na miña palabra, seredes de verdade discípulos meus; coñeceredes a verdade, e a verdade faravos libres» (Xn 8, 31-32). Insistirá niso Paulo, para quen «a Igrexa do Deus vivo» é «columna e fundamento da verdade» (1Tm 3, 15), e «o amor á verdade» camiño de salvación (2Ts 2, 10). Sempre será necesario testemuñalo con palabras, abertas ao diálogo, e con obras.

Esta apertura á verdade, querida e potenciada por Deus, é imprescindible para a vida da conciencia **e o seu coidado é unha urxencia no noso tempo**; de modo que podamos dar un xuízo sobre as cousas con responsabilidade propia, en liberdade, sen limitarnos a repetir tópicos e toda clase de propagandas.

Ao servizo desta tarefa podemos entender tamén a invitación constante a vivir de modo sinodal: buscando o discernimento nunha «conversación» verdadeira, feita na fe, a través da acollida da Palavra de Deus, da oración, do testemuño, a escoita mutua e o diálogo.

A Igrexa está chamada a ser casa e escola en que a persoa aprenda a abrirse á verdade, a non poñer entre paréntese a propia fe nos desafíos da existencia, nin tampouco o exercicio da caridade; senón a ser responsable ante si mesmo, e ante os demais, exercendo así a propia liberdade.

Este é moi concretamente **o alento de todo o noso labor educativo**: en familia, na catequese, na educación escolar, etc. Non abdicar desta opción pola verdade, polo ben da conciencia dos pequenos, é parte da nosa fe, que coñece a dignidade e a grandeza do destino de cada un, como fillos amados de Deus. E é condición para unha transmisión real e unha educación na fe.

Pero igualmente, nas celebracións, nos eventos, nos encontros, a prioridade desta opción pola verdade é decisiva. Convén **vivir os xestos e as accións procurando que manifesten sempre todo o seu sentido**. Amar ás persoas e aos fieis encomendados, amar ao Señor é coidar o sentido das cousas que facemos, dos signos e os símbolos, das celebracións nos diferentes momentos que as articulan e o seu conxunto. Porque importa moito a verdade do que comunicamos, do que celebramos, dos sacramentos e da Sagrada Liturxia.

E, por último, convén lembrar que esta preferencia primeira implica tamén que **deamos prioridade a aqueles momentos comúns nos que recoñecemos e vivimos a nosa pertenza á Igrexa**, tamén como pastores. Os intereses e as urxencias de cada día non deben prevalecer de tal modo que abandonemos os momentos de encontro que temos como «fraternidade presbiteral»: a formación permanente e os retiros, en particular. Seguramente crecerán moito en riqueza e en interese coa aportación de todos.

3. Implementación do Sínodo

Entre tanto, desde a Santa Sé segue chegándonos a invitación para privilexiar a dimensión da sinodalidade¹; é dicir, do camiñar, discernir e actuar xuntos nos diferentes aspectos da vida cristiá. E propónse a todas as Dioceses que consideren cales serían os ámbitos específicos en que isto é máis prioritario, os máis relevantes, «nas formas e modalidades que se consideren máis oportunas»².

O **acceso a funcións de responsabilidade** que non requiren o sacramento da Orde por parte de fieis non ordenados³ é unha realidade que haberá de continuar na nosa Diocese, tanto nos ámbitos parroquiais como na Curia Diocesana.

Procuraremos tamén seguir dando pasos no desenvolvemento de **formas adecuadas de transparencia**⁴; por exemplo, no campo da comunicación, particularmente dixital, ou no do «cumprimento normativo».

Habemos de seguir avanzando igualmente no camiño da «renovación misioneira sinodal das parroquias»⁵, que esixe dar prioridade ao coidado e a renovación das nosas comunidades cristiás; o que, nas nosas circunstancias, atopa un desafío particular polas condicións propias do noso mundo rural.

Habemos de continuar **unha reordenación pastoral que permita unha plena vida eclesial** tamén nestas zonas da Diocese. Pídesenos procurar «a promoción dunha participación máis viva na celebración dominical»⁶; así como facer posible a vivencia, a transmisión e a educación na fe, xunto cun testemuño misioneiro e caritativo, dun modo próximo á propia terra.

1 SECRETARÍA XERAL DO SÍNODO, *Pistas para a implementación do Sínodo 2025-2028*, Cidade do Vaticano 2025

2 *Pistas*, 3.2

3 Cf. *Pistas* 3.2.b; 4.1

4 *Pistas*, 3.2.f

5 *Pistas*, 3.2.j

6 *Pistas*, 4.2.b

Convidásenos explicitamente a acompañar este proceso en estilo sinodal, con «deliberacións concretas, con miras á renovación de prácticas e estruturas»⁷, ao que confiamos poder dar algunha forma concreta neste novo curso.

En neste mesmo sentido, convén proseguir a tarefa xa iniciada pola «Delegación para a educación na fe» para **a renovación dos itinerarios catequéticos**⁸, a través igualmente dun proceso sinodal de escoita, de diálogo e de participación dos protagonistas desta acción na vida diocesana. Será ocasión de verificar tamén, ao mesmo tempo, «os camiños da iniciación cristiá e, en xeral, dos itinerarios formativos»⁹ nas nosas comunidades parroquiais e diocesana.

Dar así algúns pasos axudará á nosa percepción de ser Pobo de Deus nesta terra, no que todos os membros comparten a misión de testemuñar coa propia vida, con palabras e obras, a fe no noso Señor, o anuncio da súa presenza salvadora no medio de nós.

Todas as accións pastorais son, ao final, instrumentos para este fin, como xa nos ensinaba desde sempre o Catecismo: para a gloria de Deus, é dicir, para que o recoñezamos, confiemos nel e lle deamos grazas; e para a felicidade do home, para a súa salvación.

4. No horizonte do 900 aniversario da nosa Catedral

A presenza da Igrexa na nosa terra é simbolizada pola nosa Catedral de Santa María, posiblemente a primeira igrexa na nosa cidade. As súas orixes fan referencia á tradición apostólica, incluso a Santiago mesmo, cuxa continuidade se manifesta hoxe no Sucesor de Pedro, en comunión co cal seguimos vivindo a fe.

A nosa Catedral fálanos tamén desde o inicio de Santa María, a quen está dedicada; e, por tanto, do feito, singular e decisivo da

7 *Pistas*, 4.1

8 *Pistas*, 4.2.f

9 *Pistas*, 3.2.k

Encarnación do Fillo de Deus, da orixe da nosa historia cristiá, que chegou ata nós e fixo posible a nosa fe a través da realidade próxima e amiga dos irmáns, dos fieis, das nosas comunidades e parroquias. A iso fai referencia tamén a convocatoria do Xubileu Romano ordinario en 2025, anunciando a todos que esta historia é a dunha vida nova de graza e bendición, reconciliación e de caridade, de unidade con Deus e cos irmáns.

A nosa Catedral ten tamén a singularidade da súa tradición eucarística, a través da cal, dinnos os nosos maiores, quíxose poñer ante os ollos de todos en Galicia o signo da verdadeira fe. A Eucaristía fálanos de novo da Persoa nacida de María Virxe, da humanidade verdadeira do Fillo de Deus, da súa misión e o seu Evanxeo, que alcanza a súa plenitude na entrega do seu corpo e o seu sangue por amor, pola salvación de todos os homes.

E así de novo fálasenos dunha historia, dunha encarnación e un amor acontecido, presente, de Deus mesmo que nos vén ao encontro, conducindo a nosa vida por camiños de graza e de verdade, descubríndonos unha dignidade impensable, unha esperanza que non defrauda e a certeza dun destino bo.

Por todo iso, podemos ver a celebración no próximo 2029 dos 900 anos da nosa Catedral actual —que é, en realidade a súa cuarta reconstrución— como unha invitación para volver a mirada con agradecemento á nosa historia, a recoñecer e vivir de novo de todo corazón a pertenza a esta gran comunión da Igrexa, a relación próxima e verdadeira co Señor Xesús, con María nosa Nai, con toda a gran compañía de irmáns e irmás, de santos, coa que o Señor nos enriqueceu e fixo posible o noso camiño máis persoal, a nosa propia fe.

Se Deus quere, utilizaremos os tres anos previos, 2026, 2027 e 2028, para a preparación deste aniversario festivo de 2029; dedicando cada ano a un aspecto propio da nosa Catedral e do noso ser cristiáns e Igrexa.

O ano 2026 dedicarémolo á Santísima Virxe, na súa advocación dos Ollos Grandes. O ano 2027 subliñaremos o significado da

Eucaristía, tal como se quixo poñer de manifesto na nosa Catedral desde antigo. Mentres que o ano 2028 poñeremos no centro o feito de ser Igrexa, a realidade de vida nova á que o edificio serve e da que é símbolo.

Non é posible propoñer aquí unha programación detallada destes anos, que se procurará ofrecer con tempo suficiente. En todo caso, confiamos en que sexa posible levar a cabo na Catedral este triduo de preparación para o 2029. O obxectivo, con todo, é que a Diocese enteira poida facer propio e participar do proposto para cada ano, nos xestos e os modos máis apropiados.

Neste curso, durante o 2026, o ano de preparación estará dedicado a Santa María de Lugo, a Virxe dos Ollos Grandes. Antes de nada, quixera encomendar a Ela esta planificación de tres anos, que só poderemos levar a cabo de modo frutuoso coa graza de Deus.

Que Santa María nos alcance vivir de corazón a fe no seu Fillo, recoñecelo presente na nosa historia; xa que se encarnou no seu seo e naceu en Belén, entregou por e para nós o seu Corpo e o seu Espírito, para darnos participación na súa vida, no seu amor e no seu destino de gloria.

Volver a mirada á nosa Catedral será así ocasión de confirmar o realismo da nosa fe; e unha invitación para gardar sempre ante os ollos a María, a Cristo presente na Eucaristía, o misterio de comunión e fraternidade que nos é dado vivir.

+ Alfonso, bispo de Lugo